



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CIENCIA  
E INNOVACIÓN



CSIC



## Nombre da revista

### Declaración de autoría, boas prácticas e cesión de dereitos

A Dirección da revista lembra aos autores de manuscritos que o seu contido debe ser orixinal e inédito, non publicado previamente en calquera soporte. Unicamente será aceptado material publicado total ou parcialmente con anterioridade, ou que estea en proceso de avaliación noutra revista, cando se faga constar o motivo de tal duplicación e sempre que se facilite a fonte onde apareceu dito artigo.

Os autores asinantes do traballo deben ser os mesmos que contribuíron á súa concepción, realización e desenvolvemento, así como á obtención dos datos, á interpretación dos resultados e á súa redacción e revisión.

O autor de contacto do artigo proposto terá que cumprimentar o formulario que aparece a continuación. Ao final do mesmo inclúese unha folla que debe ser asinada por todos os coautores do traballo. O autor de contacto reunirá ditas sinaturas nunha soa páxina ou axuntará as copias necesarias da folla de sinaturas ata completar as de todos os autores, incorporándoas ao formulario completo.

Débase axuntar este [formulario](#), debidamente cumprimentado, cando se envíe o artigo proposto á revista.

Antes de propoñer a publicación dun traballo débese consultar a [Guía de boas prácticas](#) para a publicación en revistas do CSIC.

Editorial CSIC, editora desta revista, é membro de Similarity Check, unha iniciativa lanzada por Crossref que agrupa a varias editoriais co fin de protexer a orixinalidade dos contidos que publican.

Similarity Check, emprega o software [iThenticate](#) para detectar coincidencias e semellanzas entre os textos sometidos a avaliación e os publicados previamente noutras fontes. Todos os artigos serán revisados con esta ferramenta.

## **Nombre da revista**

## **Título do traballo**

### **Declaración de orixinalidade e carácter inédito do traballo (marcar todas as casas)**

Este traballo é orixinal e inédito, non se enviou nin se enviará a outra revista para a súa publicación, salvo que sexa rexeitado.

Ningún dos datos presentados neste traballo foi plaxiado, inventado, manipulado ou presenta distorsións. Os datos orixinais distínguense claramente dos xa publicados.

Identifícanse e cítanse as fontes orixinais nas que se basea a información contida no manuscrito, así como as teorías e datos procedentes doutros traballos previamente publicados.

Cítase de forma axeitada no artigo a procedencia das figuras, táboas, datos, fotografías, etc., previamente publicados, e apórtanse os permisos necesarios para a súa reprodución en calquera soporte.

Obtívose o consentimento dos que aportaron datos non publicados conseguidos mediante comunicación verbal ou escrita e identifícanse axeitadamente dita comunicación e autoría.

### **Declaración de duplicación parcial ou total (marcar só as casas que sexan necesarias)**

Partes deste manuscrito foron publicadas anteriormente (Completar a información pertinente no apartado de observacións e aportar ditos textos).

Este traballo é a tradución doutro publicado previamente e conta co consentimento dos editores de dita publicación. Esta circunstancia recoñecerase expresamente na publicación final. (Completar a información correspondente no apartado de observacións e aportar dito texto).

### **Autoría (marcar todas as casas)**

Todas as persoas que asinan este traballo participaron na súa planificación, deseño e execución, así como na interpretación dos resultados. Así mesmo, revisaron criticamente o traballo, aprobaron a súa versión final e están de acordo coa súa publicación.

Non se omitiu ningunha sinatura responsable do traballo e cúmprense os criterios de autoría científica.

### **Obtención de datos e interpretación dos resultados (marcar todas as casas)**

Os autores e autoras que asinan este traballo evitaron cometer erros no seu deseño experimental ou teórico, na presentación dos resultados e na súa interpretación. No caso de que descubran calquera erro no artigo, antes ou despois da súa publicación, alertarán inmediatamente á Dirección da revista.

Os resultados deste estudo interpretáronse obxectivamente. Calquera resultado contrario ao punto de vista dos/as asinantes expónse e discútese no artigo.

### **Fontes de financiamento e agradecementos (marcar todas as casas)**

Recoñécense todas as fontes concedidas para financiar este estudo, indicando de forma concisa o organismo que levou a cabo dito financiamento e o código de identificación.

Nos agradecementos menciónanse as persoas que colaboraron na elaboración do traballo, non figuran no apartado de autoría nin son responsables da elaboración do manuscrito.

### **Conflicto de intereses (marcar esta casa se é necesario)**

No apartado de observacións os/as asinantes do texto informan de calquera vínculo comercial, de financiamento ou particular con persoas ou institucións que poidan ter intereses relacionados co traballo proposto

### **Depósito de datos (marcar esta casa se é necesario)**

Depositáronse os datos obtidos da investigación desenvolvida neste artigo nun repositorio.

Indique o nome e a URL do repositorio no apartado “Observacións” ao final deste documento.

### **Autorización para a publicación do correo electrónico (marcar esta casa se é necesario - consulte as Instrucións para a presentación de orixinais)**

Todas as persoas que asinan este traballo autorizan a publicación do seu correo electrónico de contacto no artigo, así como na páxina web da revista.

Recoméndase o uso de correos electrónicos de tipo institucional.

### **Cesión de dereitos e distribución (marcar esta casa)**

Os autores recoñecen que a publicación deste traballo supón a cesión do *copyright* á Editorial CSIC, que se reserva o dereito a distribuír en Internet a versión publicada baixo os termos dunha licenza de uso e distribución Creative Commons Reconocimiento 4.0 Internacional. A posta a disposición do artigo neste formato supón para os autores o cumprimento do establecido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu artigo 37.3, no relativo á obrigatoriedade de facilitar en acceso aberto os resultados de investigacións financiadas por Organismos Públicos de Investigación.

**Nombre da revista**

**Título do traballo**

**AUTORÍA**

<b>Apelidos</b>	<b>Nome</b>	<b>Sinatura</b>	<b>Data</b>

## OBSERVACIONES